

DOMINGO 18 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Ex 16, 2-4. 12-15

Farei chover para vós pans do ceo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ÉXODO

Toda a comunidade murmuraba no deserto contra Moisés e Aharón. Dician:

- "¡Sequera morrésemos pola man do Señor na terra de Exipto, sentados ao redor dos potes de carne e con pan a fartar! Trouxéstesnos a este deserto, para matar de fame a toda esta comunidade".

O Señor díxolle a Moisés: - "Vou facer chover un pan do ceo para vós. O pobo sairá e collerá o que lle cumpra para o día. Quero poñelo á proba, para ver se anda ou non coa miña lei.

- "Oín as murmuracións dos israelitas. Dilles isto: Ao anoitecer teredes carne que comer e pola mañá pan a fartar. E saberedes que eu son o Señor, o voso Deus".

Ao serán viñeron paspallás e cubriron o campamento. Pola mañá había nos arredores unha capa de orballo. Cando esvaeu o orballo, apareceu no deserto unha capa miúda, coma escamas miúdas, que semellaban xeadas sobre o chan. Os israelitas, ao que o viron, preguntábanse uns aos outros: - "¿Que é isto?" Pois non sabían o que era aquilo.

SALMO RESPONSORIAL Sal 77, 3 e 4bc. 23-24. 25 e 54

R/ (24b): O Señor deulles pan do ceo

O que oímos e sabemos,
o que os pais nos contaron,
témolo que contar ás xeracións vindeiras:
as glorias do Señor, o seu poder,
e os milagres que fixo.

Ordenou logo ás nubes desde arriba,
abriu as portas do ceo,
e fixo chover maná para comeren;
deulles trigo do ceo.

Comeu o home pan dos fortes,
deulles sustento a fartar.
Levounos á súa terra santa,
ao monte que adquirira coa súa dereita.

SEGUNDA Ef 4, 17. 20-24

Vestide o home novo creado a imaxe de Deus

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APOSTOLO ÓS EFESIOS**

Irmáns e irmás:

Dígovos e recoméndovos en nome do Señor que non vivades máis coma os pagáns, coa mente baleira.

Vós, sen embargo, non foi así como coñecestes a Cristo. Supoño que vos falaron del e que vos ensinaron o que responde á verdade en Xesús; isto é, que vos ispades do home vello da vida anterior, que vai esmorecendo, seducido polos seus anxeios; que cambiades a vosa actitude mental, e que vistades o home novo, creado a imaxe de Deus, na xustiza e na relixiosidade auténticas.

DOMINGO 18 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Xn 6, 24-35

Quen veña comigo non terá fame e quen crea en min non terá sede

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

En vendo a xente que Xesús non estaba alí, nin tampouco os seus discípulos, montaron nos botes e chegaron a Cafarnaúm buscando a Xesús. Atopárono na outra banda do mar e díxéronlle:

- Rabbí, cando chegaches aquí?

Xesús contestoulles:

- Con toda verdade volo aseguro: buscádesme non porque vistes sinais, senón porque comestes pan ata vos fartar. Traballade non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna, o que vos dará o Fillo do Home: pois el é a quen o Pai Deus marcou co seu selo.

Eles preguntáronlle:

- Que temos que facer para realizar as obras de Deus?

Respondeu Xesús:

- Esta é a obra de Deus: que creades naquel que El mandou.

Replicáronlle:

- Que sinal fas ti, para que véndoo creamos en ti? Que podes facer? Os nosos pais comeron o maná no deserto, conforme está escrito: deulles a comer pan do ceo.

Entón díxolles Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: non foi Moisés quen vos deu o pan do ceo; meu Pai é quen vos dá o verdadeiro pan do ceo: pois o pan de Deus é o que baixa do ceo e que lle dá vida ao mundo.

Dixéronlle entón:

- Señor, dános sempre dese pan.

Xesús respondeulles:

- Eu son o pan da vida: quen vén onda min, non pasará fame e quen cre en min, endexamais non terá sede.